

A arte de debuxar.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 13 Febreiro 2013 23:15



Miguelanxo Prado é un excelente debuxante. Hai poucos días asistín, en Gondomar, a unha desas charlas-conferencia que todos os anos, durante os meses escuros, organiza o IEM baixo o título *Tertulias*. O conferenciante, entre diversas opcións posibles, optou por presentarse como autor de banda deseñada ou, o que é o mesmo, creador integral de cómic, neste caso para adultos. Antes que nada, debuxante.

O debuxo. Estou convencido de que o que entendemos por tal está ao alcance de todos. ¿Quen coñece un neno incapaz de retratar polo miúdo nun papel calquera, ou nas propias paredes da casa se os maiores llo permiten, o seu mundo? A familia, o campo, a montaña, a cidade, a casa onde vive,... ata autorretratos se permiten facer. Acepto que hai diferenzas naturais de aptitude, faltaría máis, pero tamén digo que nisto, como en tantas cousas, é importante a actitude, do individuo e da sociedade na que se insire. A primixenia liberdade e pureza que todo humano posúe para expresarse neste eido sofre unha desmedida transformación cando se ve adoutrinado a través da norma ou canon e moitos, de xeito senlleiro os que ante as novas regras consideran fóra do seu alcance formulacións dignas, renuncian a practicalo. Probabelmente, un erro.

A miúdo, os códigos establecidos mudan a esencia do debuxo, cando menos para aquelas persoas que están en posesión dos devanditos códigos; a forma perde intensidade respecto do fondo.

Agafó el mot *marxar*. Al davant, hi poso *M'agradaria poder*. I tinc *M'agradaria poder marxar* .[1]

Cando Joan Brossa facía esta anotación final estaba a executar un debuxo que é consecuencia de dous anteriores compostos, á súa vez, por moitos outros. Para quen coñece as regras da lectura nestes caracteres prima a mensaxe codificada, aínda que non desapareza totalmente a gráfico/estética -caligrafía, tipografía, etc.- Para os demais redúcese a un garabato, a unha cuestión unicamente formal, un debuxo. A min sucederíame outro tanto se a mensaxe estivese cifrada en caracteres chineses ou árabes, por exemplo. Só miraría unha caligrafía abstracta e esta, a abstracción, é a esencia do debuxo. Se nalgún intre nos coincide observar como alguén traza nun papel unha liña determinada á que vai engadindo varias outras, ata alcanzar máis ou menos complexidade e acumulación, será o noso intelecto quen atope un significado para o que en realidade non pasa dunha marfallada de raias. O noso maxín fai que ante unha sinxela circunferencia vexamos unha bóla de billar, un balón de fútbol, o globo terráqueo ou o que ao contexto lle conveña.

Máis. Por medio do debuxo, é sabido, pódense comunicar persoas de moi dispar condición étnica e cultural sendo, así mesmo, un extraordinario xeito de reflexionar e de transmitir coñecementos segundo en que oficios. Vexamos. Cando un alumno de arquitectura segue atentamente os trazos que o profesor vai deixando no seu caderno de notas non só interioriza a proposta e os posibles consellos verbais, senón que, ao tempo, o seu cerebro elabora outras hipóteses posibles. E é moi probábel que estas non aparecesen sen a provocación trazada no caderno. O debuxo, aínda non en exclusiva, activa o proceso de reflexión na acción; o que Donald Schön tamén defendeu como pensar no que se fai mentres se está a facer. Pero o debuxo, alén destas cuestións lúdicas, prácticas e intelectuais, en ocasións alcanza a condición de obra artística. Algo difícil de explicar e que acontece de cando en vez. Constatámolo, por acaso, a través de certos trazos esquemáticos executados no paleolítico, das seguras liñas de Leonardo, das furiosas, impacientes e indagadoras de Giacometti, das insolentes de Picasso ou das delicadas de Siza. Cando isto ocorre o espectador queda paralizado. É grande a capacidade do debuxo para abranguer a mirada do outro; todo o seu estar. Sen ir máis lonxe: eran as tres e media da madrugada e á camareira do restaurante, que nos atendera durante a cea posterior á *Tertulia*, parecían quererlle saír os ollos das cuncas mentres, totalmente ida, miraba sen pestanexar como Miguelanxo coloreaba a dedicatoria gráfica no libro de visitas da casa cos restos do viño que inda tintaba o fondo da súa copa.

A arte de debuxar.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 13 Febreiro 2013 23:15

Corolario. O John Berger deixou escrito hai anos que *un debuxo é un documento autobiográfico que dá conta do descubrimento dun suceso, xa sexa visto, lembrado ou imaxinado* . Amén.

[1] Collo a palabra *marchar*. Diante, pónolle *Gustaríame poder*. E teño *Gustaríame poder marchar*.